

Eugenio Sequeiros

Euxenio naceu aproximadamente no ano 1854.

Traballou de médico, e foi alcalde de Moaña. Era amigo de Montero Ríos, Luís Santos, Antonio Santos, etc.

Foi Republicano Federal e Deputado Provincial entre 1901 e 1903.

A principios do século XX nas Rías Baixas houbo unha longa guerra entre os partidarios das traíñas (empresarios conserveiros, comercializadores da sardiña, algúns armadores), con Vigo e Bouzas como centro de operacións; e os partidarios do xeito, dirixidos desde Cangas.



Eugenio Sequeiros Matos, foi un dos cabecillas na defensa da pesca da sardiña coa arte do xeito e na loita contra a nova forma de pesca que representaban as traíñas, que arrasaban con moito peixe, e claro, así deixaban moi pouco para pescar cos xeitos.

Foi presidente da Asociación de Mariñeiros de Cangas e conseguiu que retiraran as traíñas e que se seguira coa pesca tradicional (xeito) no ano 1900.

Morreu en Tirán o 22 de Xuño 1903 ós 49 anos dun cancro de estómago. Xa viña estando moi mal. O enterro foi en Cangas e asistiron personalidades da política.

Coa morte de Euxenio Sequeiros ponse tamén fin ó Consello de Guerra que se seguía contra os presidentes das Sociedades de Mariñeiros das Rías Baixas, mais ou menos facendo recaer a responsabilidade sobre o morto.

O conflito da pesca.

A finais do século XIX aboliuse o boliche en beneficio do xeito, xurdindo logo o conflito pola introdución do cerco de xareta (traíña) traído do Cantábrico.

Esta arte sería aceptada por todos, nun principio, menos por Cangas, porto con moitos barcos adicados ao xeito que o convertían no primeiro na pesca da sardiña. Esta oposición custaríalle a Cangas un empobrecemento e beneficiaría a Moaña ao ser este porto o que subministraba ás conserveiras, que nestas datas xa acadaban un grande pulo.

Contra o uso da traíña e do boliche celebrouse en Cangas o 20 de maio de 1898, unha grande manifestación, sendo apoiada por portos das rías de Pontevedra e Arousa, e mesmo sectores

obreiros anticapitalistas, recibindo tamén o apoio de Montero Ríos, daquela moi influínte en Madrid.

Cangas conseguiu a prohibición da traíña dentro da ría o 20 de xullo de 1900, pero pronto reavivouse o conflito chegando a requirir a intervención militar, ante a dimisión de corporacións municipais, peche das conserveiras e enfrontamentos no mar entre mariñeiros. A finais de outubro, máis de media ducia de traíñas foron dinamitadas no porto de Moaña.

A rúa Eugenio Sequeiros Matos, é o paseo de Cangas.

